

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día vinte e nove de decembro de dous mil catorce, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados, don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eladio Mangana Nóvoa, don Eliseo Fernández Gómez e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno, dona Mónica Vázquez Blanco e dona M.^a del Carmen Figueiral Iglesias, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal vídeo acta: <http://videoacta.depourense.es>, no seguinte enlace:

[Ver acta pleno](#)

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 28 DE NOVIEMBRE DE 2014.-

O Sr. presidente pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 28 de novembro de 2014.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

2º.- TOMA DE POSESIÓN DE DON ÁLVARO VILA ARAÚJO.-

Na Corporación Provincial existe una vacante, por renuncia do deputado don José Víctor González Vázquez, do Grupo Socialista, e como se recibiu a credencial expedida pola Xunta Electoral Central a favor de don Álvaro Vila Araújo do Partido Socialista, e o interesado

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

presentou a documentación pertinente, é chamado pola Presidencia para tomar posesión do seu cargo como deputado provincial. Seguidamente presta a promesa regulamentaria e o Sr. presidente imponse as insignias do seu cargo e pasa a ocupar o seu escano do Grupo Socialista ao que pertence.

3º.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO DO 31 DE OUTUBRO DE 2014, SOBRE RATIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO DO CENTRO ASOCIADO DA UNED, PARA A SÚA ADAPTACIÓN Á LEI DE RACIONALIZACIÓN E SOSTITIBILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL E Á LEI DE RACIONALIZACIÓN DO SECTOR PÚBLICO.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

. Aceptar a introdución no acordo de modificación dos estatutos do Consorcio do Centro Asociado da UNED de Ourense, adoptado polo Padroado do Consorcio o 16 de outubro de 2014, ratificado polo Pleno da Deputación o 31 de outubro, dos seguintes cambios propostos polo reitorado da UNED:

A.- No artigo 5 modifícase o domicilio social do Consorcio, que pasa a establecerse no “Edificio sito na r/ Torres do Pino, s/n, 32001 Ourense”, manténdose idéntica a redacción do resto do artigo.

B.- Suprímese o artigo 13bis introducido na modificación, e substitúese por un novo apartado 1 no artigo 14, coa seguinte redacción:

1. O réxime de orzamentación, contabilidade e control de Centro Asociado á UNED de Ourense, será o aplicable á administración pública á que está adscrito, sen prexuízo da súa suxeición ao previsto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. En todo caso, levarase a cabo unha auditoría das contas anuais que será responsabilidade do órgano de control da administración á que se adscribe o centro, formará parte dos seus orzamentos e deberá incluírse na conta xeral da administración pública de adscrición, sen prexuízo do réxime de xestión que poida establecer a Xunta Reitora.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

C.- Suprímese o artigo 17bis dos estatutos modificados e dás nova redacción ao artigo 21, co seguinte texto:

Artigo 21.- Persoal de administración e servizos

O Centro Asociado disporá do persoal de administración e servizos, necesario para atender a xestión administrativa e económica, que asegure o correcto funcionamento do centro. En caso de que este persoal non sexa cedido polas distintas corporacións, a súa vinculación co centro será de carácter laboral, rexéndose pola lexislación aplicable ao persoal da UNED e, en ningún caso, as súas retribucións poderán superar as establecidas para postos de traballo equivalente na Universidade.

D.- Modifícase o artigo 24, dándolle a seguinte redacción:

Artigo 24.- Presentación de memoria de actividade e remisión das contas anuais

O Centro remitiralle anualmente á UNED, nos prazos que para tal efecto fixe esta con carácter xeral, unha memoria de actividades realizadas durante o curso, as contas anuais e demais documentos administrativos que se lle requiran. Esta documentación deberá axustarse aos procedementos electrónicos e modelos que a UNED estableza para os centros asociados.

E.- Suprímese o artigo 31, que pasa a ser substituído polo artigo 32 modificado, en tanto que o artigo 33 pasa a ser o artigo 32.

F.- Engádesse un novo artigo 33, co seguinte texto:

Artigo 33.- Modificación dos estatutos

Igualmente acordan que a UNED proporalle, no prazo de dezaioito meses desde a aprobación do presente instrumento, á Xunta Reitora un proxecto de estatutos nos que se recolla un texto refundido destes que incorpore as modificacións introducidas, os adapte e harmonice e recolla as disposicións pertinentes para a adaptación destes aos cambios normativos e organizativos motivados polo desenvolvemento legal e regulamentario previsto nas Leis 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local e 15/2004, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

4º.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN AO CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN POLA DEPUTACIÓN

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA, DO SERVIZO DE INSPECCIÓN DE TRIBUTOS MUNICIPAIS.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a adhesión ao convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación pola Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo de inspección dos tributos municipais, do concello de Nogueira de Ramuín.

Os concello de Nogueira de Ramuín delega na Deputación o exercicio de todas as funcións que integran a inspección tributaria conforme coa lexislación vixente para a totalidade dos tributos municipais,

O concello de Nogueira de Ramuín autoriza, ademais, á Deputación Provincial para solicitar dos órganos competentes da Administración do Estado a delegación do exercicio da competencia de inspección do Imposto de Actividades Económicas, durante o período de vixencia do convenio marco.

2º.- Ordenar a publicación desta adhesión no BOP.

5º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA, POLO PROCEDEMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA, PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “AMPLIACIÓN DA RÚA CONSTUREIRAS 1ª FASE”, NO CONCELLO DE AMOEIRO.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Resolver as alegacións formuladas polos propietarios afectados, nos termos que se expoñen a continuación:

A.- Desestimar as alegacións presentadas polos propietarios da parcela n.º 8, polos seguintes motivos:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

- Alegan que a devandita parcela foi xa ocupada, sen título lexítimo, polo Concello de Amoeiro, o cal foi recoñecido como “vía de feito” da administración municipal pola sentenza 172/2013, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo n.º 1 de Ourense, o cal procede contestar que o que se pretende co presente expediente expropiatorio é legalizar a ocupación levada a cabo polo concello, vía esta que é recoñecida pola propia sentenza como canle legal para a súa adquisición, no seu fundamento de dereito 3º. En canto á superficie a ocupar mostra tamén desconformidade, xa que esta é, segundo a administración expropiante, de 284,25 m² e, segundo o propietario, de 356,08 m². Para elo, o propietario baséase nun informe pericial de parte, feito para o xuízo ao que se ten feito referencia, e baseado na ocupación feita no seu día polo concello. A superficie a expropiar baséase nos datos catastrais da parcela, sendo difícil establecer a liña de ocupación ao non existir muro de peche da parcela, segundo informou o servizo de Vías e Obras da Deputación, polo que, no caso de que o propietario acredite que a superficie a ocupar é maior, se procederá a modificar a superficie.

B.- Estimar parcialmente as alegacións da propietaria da parcela n.º 12, no sentido de incluír na indemnización a valoración do traslado do contador cun importe de 250 euros/unidade, desestimándose o resto das súas alegacións polos seguintes motivos:

Alega a propietaria non estar de acordo coa valoración do peche da parcela, o cal foi informado polo servizo de Vías e Obras da Deputación, no sentido de que a valoración do peche está feita tendo en conta a depreciación, remitindo para elo ao apartado 1.9.3.4. da memoria do proxecto expropiatorio, onde se valora o peche novo de fábrica en 33,00 €/m², polo que, tendo en conta a corrección de antigüidade do caso presente queda reducido a 19,08 €/m².

C.- Desestimar a alegación da propietaria da parcela n.º 5 bis, dado que o que solicita (a reconstrución do peche do predio en vez do pagamento do seu custo) corresponderá decidilo ao Concello de Amoeiro, co que se podería subscribir o correspondente convenio expropiatorio.

D.- Estimar parcialmente as alegacións do propietario das parcelas 1 e 3, no relativo á inclusión de 19 árbores pequenas na relación de bens e dereitos, desestimándose o resto das alegacións, polos seguinte motivos:

Alega o propietario unha serie de cuestións relativas á apertura do actual camiño que se pretende ampliar, para o cal, segundo a súa alegación, foron xa cedidos terreos, nuns casos, e noutros ocupados de maneira irregular polo concello, mostrando a súa total oposición á ampliación da rúa, o cal cabe responder que o proxecto da obra obxecto do presente expediente expropiatorio é legal, se adecúa ao PXOM do Concello de Amoeiro, que foi aprobado legalmente, contando con todos os informes sectoriais preceptivos e foi obxecto de información pública, momento este para opoñerse á ampliación da rúa.

Solicita tamén o propietario que se lle diga cal é a causa de utilidade pública ou interese social da presente expropiación, ao que cabe responder que é precisamente o PXOM do Concello de Amoeiro o que lla outorga, xa que o artigo 98 da *Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia* establece que “a aprobación dos instrumentos de ordenación urbanística levará consigo a declaración de utilidade pública e de necesidade de ocupación dos bens afectados aos fins de expropiación”.

Expón o propietario outras alternativas para a ampliación do viario, o cal non pode levarse a cabo a través do expediente expropiatorio, xa que tería que modificarse o citado planeamento

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

urbanístico municipal, algo que é competencia municipal e debe facerse seguindo os trámites para a modificación do planeamento urbanístico municipal contemplados na citada Lei 9/2002. Alega o propietario que na valoración do muro non se ten en conta a súa base, o cal foi informado polo servizo de Vías e Obras da Deputación no sentido de que na valoración feita pola administración expropiante se tivo en conta a execución da gabia, a cimentación, o alzado e a depreciación, tendo en conta a súa antigüidade.

Alega o propietario que a superficie obxecto de expropiación debería aumentarse en 30 m², baseándose nas cesións que di o propietario que lle fixo hai anos ao concello para a apertura do actual camiño, o cal non é acreditado polo propietario e que non é obxecto do presente expediente, debendo dirixirse ao concello para a resolución desas cuestións que di tiveron lugar hai anos.

Alega, por último, o propietario, que na valoración dos bens debería terse en conta a depreciación da parcela pola diminución do seu tamaño, o cal foi informado polo Servizo de Vías e Obras, no sentido de que non se aprecia depreciación da devandita parcela.

2º.- Aprobar definitivamente o expediente expropiatorio de taxación conxunta para a execución da obra de “AMPLIACIÓN DA RÚA COSTUREIRAS, 1ª FASE”, no Concello de Amoeiro.

3º.- Declarar a necesidade de ocupación, con carácter de urxencia, dos bens e dereitos afectados pola devandita expropiación, de conformidade co disposto no artigo 144.1 da *Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*

N.º PARCEL A EXPTE.	PROPIETARIO	REFERENCIA CATASTRAL	TIPO PARCELA	M ² EXPROP.
1	EDELMIRO NOVOA GARCÍA	7065401NG8966N0001UF	SOLO RESERVA VIARIA	33,03
2	HERDEIROS LUÍS ÁLVAREZ LOIS	6866105NG8966N0001TF	SOLO RESERVA VIARIA	87,93
3	EDELMIRO NOVOA GARCÍA	32003A016000210000YI	SOLO RESERVA VIARIA	29,57
4	XUNTA DE GALICIA	6866103NG8966N0001PF	SOLO RESERVA VIARIA	72,91
5	MAURICIO VAZQUEZ CASTRO/Mª. ARANZUZU MARTINEZ SOTO	32003A016000150001UT	SOLO RESERVA VIARIA	16,05
5 BIS	MANUELA GONZALEZ SEOANE	32003A016000870001UR	SOLO RESERVA VIARIA	1,27
6	CATALUNYA BANC, S.A.	32003A011000100000YX	SOLO RESERVA VIARIA	3,06
7	CATALUNYA BANC, S.A.	32003A011000100000YX	SOLO RESERVA VIARIA	129,85
8	HERDEIROS Mª CONCEPCION VAZQUEZ BLANCO	32003A011000420000YX	SOLO RESERVA VIARIA	284,25
9	JOSE LUIS GOMEZ GONZALEZ	32003A011000110000YI	SOLO RESERVA VIARIA	28,03
10	CONCELLO DE AMOEIRO	32003A011000110000YI	SOLO RESERVA VIARIA	14,32
11	HERDEIROS DAVID	32003A011000320000YT	SOLO RESERVA	14,30

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

	VAZQUEZ FERNANDEZ		VIARIA	
12	Mª GENEROSA SOUTO FIGUEROA	32003A011000940000YP	SOLO RESERVA VIARIA	21,30
13	JOSEFA CHAO VAZQUEZ	32003A011000300000YP	SOLO RESERVA VIARIA	8,27

4º.- Notificarlles este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

6º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓN DE LIMPEZA DAS MARXES DAS REDES VIARIAS MUNICIPAIS E PROVINCIAIS DURANTE O EXERCICIO 2015.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto sexto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:

[ver punto sexto](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipais e provinciais durante o exercicio 2015.

Primeira.- Obxecto:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da concesión de subvencións a concellos e mancomunidades da provincia de Ourense para o financiamento da prestación de servizos de limpeza da rede viaria local durante un período mínimo de tres meses (que en todo caso deberá comprender as datas nas que a Deputación estableza a limpeza obrigatoria dun número mínimo de quilómetros da rede viaria provincial, conforme co previsto na cláusula sétima, apartado b).

Os servizos subvencionados poderán prestarse mediante calquera modo de xestión dos previstos na lexislación de réxime local, sendo subvencionables todos os gastos correntes directos do servizo. Exclúense os gastos de investimento e os indirectos, así como os definidos como non subvencionables nos apartados 7 e 8 do artigo 31 da Lei xeral de subvencións.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

Nos supostos de prestación do servizo que non comprendan meses naturais completos, para o cálculo do cumprimento do período mínimo esixible computaranse os días naturais de prestación, considerándose un mes por cada trinta días naturais.

A finalidade da subvención é colaborar economicamente cos concellos e mancomunidades no sostemento do servizo público de limpeza da rede viaria municipal (servizo que se considera incluído no servizo mínimo obrigatorio de acceso aos núcleos de poboación, recollido no artigo 26 da Lei de bases de réxime local) e no cumprimento das obrigas establecidas na lexislación galega de prevención de incendios forestais. Esta colaboración condiciónase a que por parte dos concellos e mancomunidades se realicen labores de limpeza das marxes das vías provinciais e municipais, co obxectivo último de garantir o mantemento das vías en condicións axeitadas de limpeza e seguridade, dándolle ademais cumprimento ao establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Segunda.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas no presente Programa provincial de cooperación aqueles concellos de menos de 20.000 habitantes e mancomunidades que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Prestar o servizo de limpeza da rede viaria, cunha máquina rozadora con brazo articulado, destinada á realización de traballos de limpeza das marxes da rede viaria municipal e provincial, durante, polo menos, o período mínimo do ano 2015 sinalado na cláusula primeira.
- b) Adherirse ao presente Programa de Cooperación no prazo e coas formalidades recollidas na cláusula quinta.

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias:

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria resérvase crédito na aplicación 163.11/462.00 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2015, por importe de trescentos sesenta mil euros (360.000,00 €).

Cuarta.- Contía máxima das subvencións:

A contía das subvencións que se concedan ao abeiro deste Programa de cooperación será para o exercicio 2015 de 4.500,00 € como máximo, con destino ao financiamento dos gastos subvencionables de prestación do servizo.

En todo caso, a contía da subvención nunca poderá exceder do 100% dos gastos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

subvencionables soportados pola entidade beneficiaria, polo que se reducirá na contía correspondente para o caso de que o gasto xustificado no citado concepto sexa inferior a 4.500,00 €.

Quinta.- Adhesión ao programa:

Os concellos e mancomunidades que desexen adherirse ao Programa de cooperación regulado nas presentes bases deberán facelo mediante resolución do órgano competente na que aprobe a dita adhesión, a cal deberá serlle notificada á Deputación Provincial antes do día 1 de marzo de 2015. A resolución deberá ter o contido que se recolle no anexo I a estas bases, modelo que poderá utilizarse para documentar a dita resolución.

Así mesmo, deberase achegar unha declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo II.

Concluído o prazo de presentación de solicitudes, procederase a autorizar a adhesión do concello ou mancomunidade mediante decreto da Presidencia, no que conceda a subvención correspondente ata un máximo de 4.500,00 euros. Na dita resolución, ou ben noutra resolución posterior, concretaranse as obrigas de limpeza da rede viaria provincial ás que queda condicionada a concesión da subvención, conforme co previsto na base 7ª.

Non obstante o anterior, a Presidencia poderá, xa con anterioridade ao 1 de marzo, autorizar a adhesión das solicitudes correctamente presentadas que se vaian recibindo, pola súa orde cronolóxica de recepción no Rexistro Xeral da Deputación, sempre e cando as adhesións autorizadas non excedan do 70 % do crédito orzamentario destinado a este programa.

No suposto en que o número de solicitudes exceda as disponibilidades orzamentarias, a Presidencia concederá as subvencións por rigorosa orde de entrada no rexistro da Deputación. Para estes efectos, tomarase a data de entrada no Rexistro Xeral da Deputación da documentación íntegra de cada solicitude, e non se terá en conta a data de presentación de solicitudes incursas en deficiencias formais.

No caso de producirse remanentes con anterioridade ao 31 de xullo de 2015 pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Presidencia, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de entrada no rexistro da Deputación, tal e como se establece no parágrafo anterior.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

Nestes casos, a Presidencia establecerá, na mesma resolución de concesión, as obrigas concretas de limpeza de vías provinciais que correspondan ás novas subvencións concedidas.

Sexta.- Publicidade das adhesións:

Unha vez concluído o proceso de adhesións, procederase á publicación no Boletín Oficial da Provincia do listado de subvencións outorgadas ao abeiro do presente programa, con expresión das entidades beneficiarias e da contía das subvencións concedidas.

Sétima.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei.

Con carácter especial, os concellos e mancomunidades adheridos a este Programa de cooperación quedan suxeitos ás obrigas seguintes:

a) A prestar efectivamente o servizo de limpeza da rede viaria municipal e provincial durante o período de tempo mínimo establecido na base primeira, dispoñendo durante ese período, cando menos, dunha máquina con condutor dedicada a estas tarefas.

b) A realizar especificamente os traballos de limpeza da rede viaria provincial, nos períodos de tempo e nas estradas que se especifiquen na resolución de concesión da subvención ou nunha resolución posterior da Presidencia. A determinación dos ditos traballos realizaraa a Deputación conforme coas seguintes regras xerais:

- Cada concello ou mancomunidade beneficiaria estará obrigada a limpar, unha vez ao ano, un tramo ou conxunto de tramos da rede viaria provincial de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude, nun período de tempo que se indicará na resolución de concesión.

- Cada concello ou mancomunidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Servizo de Vías e Obras, cunha antelación mínima de 5 días naturais, a data concreta do inicio da limpeza, dentro do prazo establecido na resolución de concesión, a través do fax número 988 317 802.

- Os tramos obxecto de limpeza situaranse, preferentemente, no territorio da entidade local beneficiaria, pero poderán situarse en territorio de entidades locais próximas dentro da mesma comarca, tendo en conta as necesidades de mantemento da rede viaria provincial.

- A limpeza será de bermas, paseos, foxos e noiros, nunha banda de catro metros en cada marxe, deixando unha altura máxima de vexetación tras a roza, duns 5-7 cm. Non obstante o anterior, o ancho da banda de limpeza entenderase reducido na medida necesaria cando polas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

características do terreo resulte materialmente imposible realizar a limpeza en toda a súa extensión.

- Os técnicos do Servizo de Vías e Obras comunicaranlles ás entidades locais beneficiarias, coa antelación suficiente e mediante notificación con acuse de recibo, a data e hora nas que realizarán as preceptivas comprobacións da limpeza das vías provinciais que se establezan na correspondente resolución da Presidencia. No acto de comprobación poderá estar presente un representante do concello ou mancomunidade beneficiaria. A inspección realizada recollerase na oportuna acta, á que se acompañará una reportaxe fotográfica, e na que se consignarán as observacións que poida formular o representante da entidade local beneficiaria.

Oitava.- Xustificación e pago da subvención:

A subvención xustificárase mediante a presentación dos seguintes documentos:

1. Certificado expedido pola persoa que teña ó seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello ou mancomunidade beneficiaria, no que se fagan constar os seguintes extremos:

a) Que o servizo de limpeza viaria prestouse efectivamente nun período mínimo de tres meses do ano 2015 e ademais e en todo caso nas datas nas que a Deputación estableceu a limpeza obrigatoria dun número mínimo de quilómetros da rede viaria provincial.

b) Se o servizo se prestou por xestión directa, indicárase a identidade do empregado público designado para a prestación do servizo e o seu réxime de vinculación xurídica coa entidade local.

c) Se o servizo se prestou por xestión indirecta, indicárase o contrato administrativo a través do que se prestou, sinalando a súa data de adxudicación, importe e empresa adxudicataria.

d) Relación dos custes directos subvencionables de prestación do servizo soportados pola entidade beneficiaria, indicando o seu importe.

e) Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

2.- Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

Non se considerará xustificada a subvención sen un informe favorable, emitido de oficio polo Servizo de Vías e Obras, no que conste a realización da limpeza das vías provinciais nas condicións establecidas por resolución da Presidencia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

Sen prexuízo do anterior, a solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

A xustificación deberá realizarse ante esta Deputación antes do 31 de outubro de 2015, unha vez rematadas as actuacións obxecto de subvención.

A Presidencia declarará a perda do dereito ás subvencións non xustificadas en prazo, total ou parcialmente, segundo proceda.

O pago realizarase unha vez xustificada de modo completo a realización do proxecto, mediante transferencia á conta corrente sinalada pola entidade local beneficiaria.

Non obstante, poderá realizarse o pago anticipado do 50 % do total estimado da subvención en calquera momento posterior á adhesión ao Programa de cooperación, previa a solicitude da entidade local beneficiaria. O pagamento anticipado suxeitarase aos requisitos establecidos no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial (BOP nº 285, de 13 de decembro de 2013).

Novena.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

Estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións, para a mesma finalidade, das distintas administración públicas competentes, sempre que o conxunto das axudas percibidas non exceda do 100 % dos custos salariais e de Seguridade Social soportados pola entidade local no período mínimo recollido na cláusula primeira. No suposto de que as subvencións percibidas excedan a dita porcentaxe, a subvención reducirase ata acadar o límite sinalado. A redución poderá acordarse, de oficio ou a instancia do beneficiario, en calquera momento no que a Deputación teña coñecemento da concorrencia de axudas, e mesmo con posterioridade ao pagamento da subvención, mentres non prescriba a acción administrativa de reintegro.

Décima.- Reintegro ou perda do dereito ao cobro das subvencións:

En caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito ao cobro da subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade.

Nos supostos en que na inspección do Servizo de Vías e Obras prevista na cláusula sétima, apartado b), parágrafo último, se detectara un incumprimento das condicións da subvención que de lugar á obriga de reintegro ou que sexa causa de perda da subvención, a Deputación Provincial procederá, de oficio, á iniciación do expediente correspondente, sen necesidade de esperar a que se presente a xustificación pola entidade beneficiaria.

En todo caso, o reintegro incluírá sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo. Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, a Presidencia ditará a resolución que corresponda.

Undécima.- Normas supletorias:

En todo o non disposto expresamente nestas bases, seralle de aplicación ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á Administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

2º.- De conformidade co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, as bases reguladoras do programa inicialmente aprobadas someterase a información pública, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de dez días hábiles, durante os que as entidades locais interesadas poderán formular as alegacións e suxestións que consideren oportunas, as cales serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de xeito definitivo, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I

MODELO DE RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN

Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2015, e en uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, dispoño:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

1º.- Aprobar a adhesión do Concello/ da Mancomunidade de _____ ao Programa provincial de cooperación cos concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2015.

2º.- Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden do programa de cooperación, en particular as previstas na cláusula 7ª das bases que regulan o programa de cooperación, comprometéndose a realizar os traballos da rede viaria provincial que se determinen por resolución da Presidencia da Deputación, para un tramo ou conxunto de tramos de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude.

3º.- Declarar que o Concello/a Mancomunidade de _____ non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Ourense, ____ de _____ de 2015

Asdo.: _____

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

**ANEXO II
DECLARACIÓN AXUDAS**

Don/Dona _____,
alcalde do Concello/presidente Mancomunidade de _____, con CIF
_____, **DECLARA**

Non ter solicitada, nin en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para a mesma finalidade, sexa pública ou privada.

Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para a mesma finalidade:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	Concesión*	Contía

*No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase “pendente” na columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar “denegada”.

Ourense, ____ de _____ de 2015

Asdo.: _____

7º.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO AO CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN, POR PARTE DA DEPUTACIÓN, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA E CON CARÁCTER INTERMUNICIPAL, DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU NOS MUNICIPIOS DA PROVINCIA.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto sétimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:

[ver punto sétimo](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Acepta-la adhesión do Concello de Vilariño de Conso ao convenio de cooperación entre

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación, por parte da Deputación, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida de RSU nos municipios da provincia, de conformidade co acordado polo dito Concello en data 26 de novembro de 2014.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA SOLICITAR A SUBVENCIÓN CON CARGO AO 1,5% CULTURAL PARA A REFORMA E REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DA PRAZA DE ABASTOS N.º1 DE OURENSE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra á Sra. Vázquez Blanco do Grupo Socialista para que defenda o contido da seguinte moción:

“A Xunta de Goberno Local do Concello de Ourense acordou no día de hoxe, 22 de decembro do ano en curso, aprobar o compromiso de cofinanciación do 35% do coste total da actuación consistente en reforma e rehabilitación da Praza de Abastos nº 1 de Ourense, en caso de serlle acordada a Subvención ao Concello de Ourense.

En concreto, o Concello de Ourense solicita do Ministerio de Fomento que cofinancie con 3.652.767, 88 €, é decir o 65% do total estimado do proxecto, IVE incluído, cuxo importe ascende a 5.619.642, 89 €.

Iste compromiso foi acordado de xeito unánime, nunha reunión celebrada o día 19 de decembro no Concello de Ourense, onde acudiron todas as forzas políticas que conforman a Corporación Municipal: PP, PSOE, BNG e DO, así como os representantes das principais asociacións da cidade Cámara de Comercio, a Federación de Comerciantes de Ourense, a CEO e a Asociación de Comerciantes da Praza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial Socialista somete a consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo:

- 1. Instar ao Presidente da Xunta de Galicia para que colabore na reforma e rehabilitación do edificio da Praza de Abastos nº 1 de Ourense.*
- 2. Instar ao Ministerio de Fomento para que colabore na reforma e rehabilitación do edificio da Praza de Abastos nº 1 de Ourense con cargo ao 1,5% cultural do Goberno Central”.*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:

[ver punto oitavo](#)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar ao presidente da Xunta de Galicia para que colabore na reforma e rehabilitación do edificio da Praza de Abastos n.º 1 de Ourense.

2º.- Instar ao Ministerio de Fomento para que colabore na reforma e rehabilitación do edificio da Praza de Abastos n.º 1 de Ourense con cargo ao 1,5% cultural do Goberno Central.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCILIASTA SOBRE MELLORA DA ASISTENCIA SANITARIA EN PEREIRO DE AGUIAR.-

O Sr. presidente cédelle a palabra á Sra. Figueiral Iglesias do Grupo Socialista para que defenda o contido da seguinte moción:

“O Centro de Saúde do Concello do Pereiro de Aguiar foi construído pola Xunta de Galicia no ano 1988, cunha dotación de recursos humanos consistente en dous médicos de atención primaria e dúas enfermeiras, e unha infraestrutura limitada a dúas consultas de medicina de atención primaria e dúas de enfermería, que daban servizo nese momento a 4.673 habitantes (datos poboacionais obtidos do IGE).

Na actualidade o número de persoal e as infraestruturas dispoñibles son as mesmas, mentres que a poboación á que dan servizo é de 6.380 habitantes residentes (datos poboacionais obtidos do IGE).

O Pereiro de Aguiar é un concello que non deixou de medrar nos últimos vinte anos, prevéndose que no futuro continuará fixando poboación residente.

Dado este incremento de poboación dende o ano 1988 (1.707 persoas), a dotación actual de persoal e as instalacións non poden garantir o mantemento da calidade dos servizos sanitarios de proximidade. Os residentes neste municipio requiren o acceso a servizos de saúde de calidade e a unha asistencia médica continua e integral, ao igual que os habitantes das zonas urbanas, sendo preciso proporcionar coidados sanitarios adecuados de proximidade.

Asemade as características demográficas da súa poboación requiren de servizos específicos cos que non contan na actualidade, como é o caso da especialidade de pediatría, o que obriga aos menores de 14 anos a desprazarse á cidade de Ourense para recibir atención médica; no ano 2013 a poboación do Pereiro de Aguiar en idade pediátrica acadou os 823 habitantes residentes, duplicando case a cantidade de nenos residentes no concello no ano 1988, que era de 487.

A poboación maior de 64 anos acadou no ano 2013 a cifra de 1.468 habitantes residentes, tratándose de persoas con patoloxías crónicas e pluripatolóxicas que precisan atención no lugar máis próximo ao paciente.

Valorada suficientemente a necesidade de proceder á construción dun novo centro de saúde adaptado ás necesidades dunha poboación en continuo crecemento, o Concello, facendo un esforzo económico importante (180.000,00 €), adquiriu e puxo a disposición da Xunta da Galicia no ano 2012 os terreos necesarios para a súa construción.

En atención ao exposto e considerando que debe garantirse unha asistencia sanitaria de calidade e dar resposta ás reiteradas demandas da poboación dun adecuado servizo sanitario de proximidade, propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

- 1- *Solicitar, unha vez máis, do Presidente da Xunta de Galicia, da Consellería de Sanidade e do SERGAS a construción dun novo centro de saúde no concello do Pereiro de Aguiar coa dotación de medios materiais e humanos suficientes para as necesidades da súa poboación, con novas especialidades de pediatría, fisioterapia e dous médicos de atención primaria máis, xunto co persoal auxiliar necesario.*
- 2- *Igualmente, solicitar da Consellería da Sanidade e do SERGAS, medidas temporais que palíen as necesidades da poboación mentres a construción do novo centro de saúde non remate, dotando ó centro de saúde actual dun especialista de pediatría, que evite que os 823 nenos teñan que desprazarse á cidade de Ourense, e contar cun profesional de atención primaria máis xunto co persoal auxiliar necesario, co fin de mellorar o actual servizo, moi insuficiente en canto a medios materiais e sobre todo humanos. Dadas as limitacións de espazo do centro de saúde existente, o que fai imposible a presenza de máis profesionais traballando simultaneamente, estes reforzos deberían programarse en quendas de tarde.*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto noveno da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:

[ver punto noveno](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitar, unha vez máis, do Presidente da Xunta de Galicia, da Consellería de Sanidade e do SERGAS a construción dun novo centro de saúde no concello do Pereiro de Aguiar coa dotación de medios materiais e humanos suficientes para as necesidades da súa poboación, con novas especialidades de pediatría, fisioterapia e dous médicos de atención primaria máis, xunto co persoal auxiliar necesario.

2º.- Igualmente, solicitar da Consellería da Sanidade e do SERGAS, medidas temporais que palíen as necesidades da poboación mentres a construción do novo centro de saúde non remate, dotando ó centro de saúde actual dun especialista de pediatría, que evite que os 823 nenos teñan que desprazarse á cidade de Ourense, e contar cun profesional de atención primaria máis xunto co persoal auxiliar necesario, co fin de mellorar o actual servizo, moi insuficiente en canto a medios materiais e sobre todo humanos. Dadas as limitacións de espazo do centro de saúde existente, o que fai imposible a presenza de máis profesionais traballando simultaneamente, estes reforzos deberían programarse en quendas de tarde.

10º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓN DE ADHESIÓN A SOGAMA.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Puga do BNG para que defenda o contido da seguinte moción:

“A Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas vén de publicar a “Resolución de 15 de decembro, pola que se establecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos”.

A devandita disposición é consecuencia da subida unilateral do canon satisfeito polos concellos polo tratamento do lixo que se encomenda a SOGAMA, un incremento que tivo contestación por parte de moitos concellos da Galiza, ao ser unha medida unilateral imposta nunha norma orzamentaria sen negociación previa. Para alén disto, o tempo demostrou non seren certas as cifras que se manexaban para argumentar unha suba absolutamente desproporcionada dentro dun sistema que nin tan sequera cumpre os criterios básicos de respecto aos mínimos criterios ambientais que os concellos deben esixir e que a sociedade demanda.

O desenvolvemento da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para 2014, vén a profundar no talante autoritario amosado polo Goberno galego neste conflito, ao impor agora unilateralmente, en comanda con SOGAMA, as novas condicións de adhesión ao sistema de tratamento de lixo, sen sequera ter comunicado, e moito menos negociado, as “novas” condicións cos concellos afectados.

Estamos, pois, perante unha actuación desafortunada, que violenta non só o principio de autonomía local, senón a imposición dunhas novas condicións sen ningún tipo de diálogo e acordo coas entidades locais. De feito, nin tan sequera esta modificación se negociou e pactou coa FEGAMP.

As competencias en materia de xestión de residuos municipais, como a propia Resolución reconece na exposición de motivos, exércense en cooperación coas entidades locais. Xa que logo, ao non tratarse dun servizo cuxa responsabilidade se atribúe a unha única administración, o establecemento das condicións para a súa prestación, e das relacións entre os distintos operadores do sistema, teñen que ser previamente consultadas e negociadas.

Neste caso, os concellos tiveron coñecemento polos medios de comunicación e o Diario Oficial de Galiza que, en apenas no prazo de dous meses, teñen que formalizar as novas condicións de adhesión ao sistema de xestión de residuos de SOGAMA. E estas novas condición realízanse baseándose nunha disposición normativa aprobada nunha lei orzamentaria “expres” sen que existise un consenso previo mínimo coas entidades locais. Ademais, o novo modelo substitúe os convenios vixentes, que foran consensuados e negociados en cada caso concreto, e incorpora aspectos que inciden na arbitrariedade e persecución, algo intolerábel nun réxime democrático baseado na lealdade e no respecto institucional. Outorga a SOGAMA un papel preponderante á hora de interpretar os contratos e determinar a esixencia das futuras débedas, ao ser o seu requirimento o que habilita a retención dos importes ao Fondo de Cooperación Local. Dese xeito, o propio órgano encargado da xestión do Fondo convértese en simple instrumento recadador de SOGAMA, sen que os concellos poidan acudir a ningún mecanismo de resolución de conflitos no caso de estimaren abusiva a facturación de SOGAMA. Neste caso, ademais, xa se está a anunciar a aplicación de medidas concretas contra determinados concellos que, por fórmulas democráticas e legais, discuten este modelo de adhesión e subas unilaterais, polo que estamos ante unha versión anovada de persecución e caza de bruxas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

En suma, o Goberno galego persiste en identificar a viabilidade do sistema de xestión de residuos coa supervivencia económica de SOGAMA, no canto de estudar alternativas que superen un modelo caduco, tanto pola súa insolvencia económica como ambiental.

Para o BNG, a Xunta debera estar nestes momentos traballando para fomentar alternativas a SOGAMA e colaborar e dialogar neste ámbito. Pola contra, comprobamos como pretenden continuar coas imposicións autocráticas e intentan frustrar as alternativas que neste ámbito puideren xurdir.

Por iso, o grupo do BNG, solicita do Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Interpor un recurso contencioso-administrativo contra a “Resolución da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 15 de decembro, pola que se establecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos” solicitando a suspensión cautelar desta entanto non haxa un pronunciamento xudicial firme.

2º.- Instar ao Goberno galego a restaurar o diálogo e o respecto á autonomía local no funcionamento de SOGAMA.

3º.- Instar ao Goberno galego a colaborar economicamente cos concellos da Galiza que pretendan impulsar tratamentos alternativos a SOGAMA e que estean baseados no fomento da reciclaxe fronte á incineración”

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto décimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:

[ver punto décimo](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15).

11º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A CREACIÓN DUNHA TARIFA ELÉCTRICA GALEGA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Iglesias Pérez, do BNG, para que defenda o contido da seguinte moción:

“O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu Produto Interior Bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial.

A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endógeno dos seus recursos enerxéticos. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

A potencia instalada fan de Galiza unha exportadora neta de electricidade como se pode comprobar na seguinte táboa:

<i>ANO</i>	<i>ENERXÍA EXPORTADA</i>
<i>2001</i>	<i>46,0%</i>
<i>2002</i>	<i>37,7%</i>
<i>2003</i>	<i>41,9%</i>
<i>2004</i>	<i>38,0%</i>
<i>2005</i>	<i>26,9%</i>
<i>2006</i>	<i>32,0%</i>
<i>2007</i>	<i>33,0%</i>
<i>2008</i>	<i>25,5%</i>
<i>2009</i>	<i>37,1%</i>
<i>2010</i>	<i>37,1%</i>
<i>2011</i>	<i>30,2%</i>
<i>2012</i>	<i>40,0%</i>
<i>2013</i>	<i>O INEGA aínda non publicou os datos</i>

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparellados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español, ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica. No que atinxe á homoxénea política tarifaria, hai que subliñar que a tarifa eléctrica que se paga en Galiza inclúe peaxes de solidariedade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

interterritorial, como é o caso dos custos extrapeninsulares (Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla) que, no ano 2013, foron de 1.800 millóns de euros, cantidade pagada vía tarifas eléctricas.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual aos consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Porén, na nova Lei do Sector 24/2013, cuestiónase esa tarifa única, non con base nesas razóns de poder compensar vía tarifa os territorios que sofren os prexuizos ambientais de produciren enerxía, senón para penalizar as CCAA que impoñan impostos ambientais, ao recollese a posibilidade –aínda sen desenvolver, da creación de suplementos territoriais onde houber impostos propios á actividade eléctrica (como en Galiza). Isto é, queda aberta a posibilidade a que en Galiza paguemos aínda a electricidade máis cara por termos actividade de xeración no propio país. Como dicíamos, fica totalmente pechada calquera posibilidade de termos unha tarifa propia que nos permita ter vantaxes en función de sermos un país produtor de enerxía, como acontece en diversos estados europeos onde existen tarifas diferenciadas por territorios.

Neste sentido, Galiza debe demandar unha tarifa máis baixa (unha redución nas peaxes do 30%), para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e, tamén, para posibilitar o seu crecemento industrial.

A política sobre a tarifa eléctrica do Estado é un exemplo de despropósitos, agravado pola filosofía da reforma enerxética aprobada en 2014 polo PP que se asenta na premisa de considerar a enerxía eléctrica como un ben de consumo ordinario, suxeito exclusivamente á libre competencia e ao poder do reducido oligopolio de empresas eléctricas, no canto de considerar a electricidade un ben básico para a calidade de vida da persoas e do desenvolvemento económico, que debería estar intervindo polo sector público e vetado a especulacións e negocios abusivos. Todo isto provoca que as tarifas eléctricas no Estado español sexan as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre 30 estados europeos.

Isto débese a dúas cuestións. A primeira, as peaxes ou custos fixos do sistema, porque nelas se recollen cantidade de conceptos que non deberían estar soportados pola tarifa eléctrica, entre eles: custos extrapeninsulares, primas de capacidade, primas carbón español, moratoria

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

nuclear, primas renovábeis, etcétera, partidas que debería estar nos orzamentos do Estado español. Sería máis xusto fiscalmente e rebaixarían o prezo final da tarifa eléctrica.

Tamén é relevante o prezo da electricidade no mercado por xunto (ou pool), que retribúe do mesmo xeito –sempre ao prezo da máis cara, a todas as tecnoloxías de xeración que funcionan en cada hora do día, sen distinguir os custos reais de produción, o que provoca uns hiperbeneficios para determinados sistemas, en concreto a hidráulica e a nuclear, o que provoca unha suba artificial dos prezos.

O último exemplo desta errática política enerxética é a situación creada respecto de grandes consumidores en Galiza, grandes empresas situadas no noso país por ser a súa actividade dependente da electricidade que, durante anos se viron sometidas a continuos cambios regulatorios ditados desde Madrid, sen contar para nada cos intereses do país. Desde a supresión en 2009 da tarifa G4, que era específica para empresas como ALCOA, até a regulación do sistema de interrompibilidade, cuxo sistema de poxa anual implantado polo PP desde finais de 2013, a través da nefasta reforma eléctrica, supón un modelo perverso pola súa cadencia anual, o que implica que moitas empresas non realizarán investimentos de modernización nas súas factorías ao non teren un sistema tarifario estábel. Mesmo afecta á competencia leal, pois provoca que empresas do mesmo sector produtivo podan ter prezos moi diferentes de electricidade.

O escenario de tarifa eléctrica diferenciada, como dicíamos anteriormente, non é o único que existe en Europa ou nos USA. Tamén no caso do Estado español, na actual proposta de peaxes eléctricos realizada polo Goberno central, logo dun pacto co Goberno de Euskadi, recolle o cambio de definición das redes de alta tensión para que teñan collida unha parte moi significativa da rede de distribución vasca, que neste caso é singular, o cal vai permitir a partir de 2015 uns prezos máis baixos para a industria de EuskalHerria, nunha rebaixa que se estima nun 15% nas peaxes e nun 12,5% no termo de enerxía.

No caso de Galiza, existen sobradas razóns para nos dotarmos dunha tarifa eléctrica propia que, ademais, evite a nosa desindustrialización.

Por iso, o BNG, solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

2º.- Instar á Xunta de Galiza a modificar a Lei 2/2012 de 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias co obxectivo de definir a figura de persoa consumidora vulnerábel para adoptar as medidas axeitadas que garantan o subministro eléctrico.”

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto décimo primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:

[ver punto décimo primeiro](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15).

12º.- DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE NOVEMBRO DE 2014 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 2º DE SETEMBRO E 1º DE OUTUBRO DE 2014.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de novembro de 2014, e dos seguintes adicionais: 2º de setembro e 1º de outubro de 2014.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

13º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE NOVEMBRO DE 2014 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 2º DE SETEMBRO E 1º DE OUTUBRO DE 2014.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de novembro de 2014 e dos seguintes adicionais: 2º de setembro e 1º de outubro de 2014.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

14°.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presenta ningunha.

15°.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda producíronse as seguintes intervencións:

O **Sr. presidente** anuncia que o Sr. Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, presentou por escrito unha pregunta (documento n.º 34572 de rexistro de entrada) para a súa contestación no Pleno, co seguinte contido: no Pleno extraordinario celebrado no Concello de Amoeiro, en data 11 de decembro de 2014, acordouse por unanimidade solicitar axuda económica da Excm. Deputación de Ourense, para custear a restauración do sistema de bombeo intermedio do abastecemento municipal de auga do Concello de Amoeiro. O importe da colaboración ascende a máis de 63.000 euros. Logo do ofrecemento público realizado polo presidente da Deputación de Ourense, queremos que se concrete cal vai ser o importe da axuda ou a porcentaxe, e o prazo para levar a cabo a dita axuda.

O **Sr. presidente** responde que neste momento se están a valorar pola Área de Medio Ambiente os datos subministrados polo Concello de Amoeiro, para saber o custo total da actuación e comunica que no Pleno do mes de xaneiro (antes pasará por comisións) establecerase o importe exacto desa axuda.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, despois da caída da corrente desta mañá (non é a primeira vez que sucede), pregunta se ten relación co servizo telefónico da Deputación, recentemente renovado, e pide que se informe sobre este asunto.

O **Sr. presidente** responde que conseguirá a información solicitada e que lle será facilitada.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que no pasado Pleno do mes de setembro, a deputada que fala presentou unha moción no nome do seu grupo, para a elaboración dun plan sobre o tratamento de xurros para a provincia de Ourense. O portavoz do Grupo Popular (Sr. Álvarez Dobaño) naquel momento respondeu que xa había meses que o Sr. presidente lle encargara á Área de Medio Ambiente que iniciase traballos para a elaboración do dito plan. Pregunta a estas alturas do ano cómo van eses traballos da Área de Medio Ambiente e se existe algún borrador dese plan sobre o tratamento dos xurros ou cómo se está traballando nese tema.

O **Sr. presidente** responde que ao longo do mes de xaneiro se lle pasará o borrador e no mes de febreiro será presentado, tendo en conta as alegacións que os grupos poidan achegar, que seguramente será positivo para todos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2014
--

D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular, intervén para felicitarlles o Nadal a todos en nome do seu grupo e pide que o vindeiro ano veña cargado de boas novas para todos, agás no político, que serán para quen as merece que é o seu grupo.

As intervencións íntegras que se recollen no punto décimo quinto da vídeo acta da sesión, están dispoñibles no seguinte enlace:

[ver punto décimo quinto](#)

E, ás 13.35 horas do citado día vinte e nove de decembro dous mil catorce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,